

■ *Telexornal Serán*

# **Coñecemos como se preparan os psicólogos para actuar en catástrofes e urxencias**

Publicado o 02/03/2018 21:06



Comunicar as malas noticias durante unha catástrofe ou urxencia prato de bo gusto, pero alguén ten que facelo. Máis de 30 psicólogos asisten dende hoxe a un curso de formación para facerse coas me

ferramentas ante estas situacións. O seu traballo é tan importante que pode variar as consecuencias posteriores de quen sofre unha trax


Transmitir ben unha mala noticia nunca vai quitar a dor, pero si pode axudar a que a persoa se faga cargo da situación e poida sobrelevar mellor maneira, porque ante catástrofes e urxencias, a vida muda de atención, o apoio familiar e social vólvese imprescindible.

As reaccións da persoa que recibe a mala noticia, que pode ser de falecemento a calquera outro contratempo ou trauma, son incontrolables. As emocións varren toda a lóxica, por iso é tan importante que os especialistas estean axeitadamente formados. Por iso os profesionais reciben de bo grao esta formación.

Estes grupos de intervención actúan en catástrofes ou urxencias a gran escala, pero tamén acotío noutras situacións que poden ser igualmente complicadas a nivel emocional. Do seu traballo dependen tamén as consecuencias posteriores dos trastornos psicolóxicos.

Todos temos as ferramentas para poder afrontar e superar calquera catástrofe, só é cuestión de desatrancalas. A formación está organizada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desenvólvese durante varias fins de semana na Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela.

■ *Telexornal Serán*  
02/03/2018



**A 'besta do leste' mantén boa parte de Europa baixo cero**

02/03/2018 21:04:37